




## NON ESQUEZAS...

### Eles son máis vulnerábeis:

- Carecen de criterio crítico, descoñecen os inconvenientes e están máis suxeitos ás modas: **CONVÉRTENSE EN CLIENTES CEGOS DAS OPERADORAS** (dos menores de 9 anos: un 5% ten móbil, de 12 a 14 anos: un 71%, de 9 a 11 anos: un 35%, dos maiores de 15 anos: máis do 90% -datos de *Telefónica Móviles 2006-* ).
- Os seus sistemas nervioso e inmune **ESTANSE A DESENVOLVER**, e as células en división **SON MÁIS SUSCEPTÍBEIS** ás alteracións.
- Posto que **OS SEUS EFECTOS SON ACUMULATIVOS A LONGO PRAZO**, a duración da exposición aumenta cando o seu uso comeza a curta idade cos consecuentes riscos
- Os seus ósos do cranio son máis delgados e máis vasculares: **MAIOR PENETRACIÓN DAS ONDAS.**



**Alemaña e R. Unido, 2001:** "Desaconséllase enerxicamente que os nenos [...] utilicen de forma prolongada e sen necesidade teléfonos móbiles pola súa crecente vulnerabilidade a posibles efectos perxudiciais para a saúde [...]. A industria da telefonía móbil debería evitar fomentar o uso prolongado de teléfonos móbiles por parte dos nenos utilizando tácticas publicitarias que explotan a presión dos compañeiros e outras estratexias ás que os mozos son susceptíbeis, como a utilización... de personaxes DISNEY nos teléfonos." Dr. G.J. Hyland (Instituto Internacional de Biofísica de Neuss-Holzheim e o Dpto. de Física da Universidade de Warwick), *Informe para o Parlamento Europeo sobre a radiación electromagnética non ionizante.*

**España, 2001:** "Cómpre facer un uso racional dos teléfonos móbiles con obxecto de reducir as exposicións innecesarias aos campos electromagnéticos, particularmente en grupos de especial atención como os nenos, os adolescentes ou os portadores de implantes activos, entre outros". Comité de Expertos no seu *informe técnico Campos electromagnéticos e saúde pública.* Ministerio de Sanidade e Consumo.

"Non prolongue innecesariamente a duración das chamadas efectuadas mediante un teléfono móbil [...]. Os pais deberían procurar que os seus fillos fagan un uso prudente dos teléfonos móbiles, limitando a súa utilización ao esencial e mantendo unha duración curta nas chamadas". *Indicacións sobre un uso axeitado do teléfono móbil.* Ministerio de Sanidade e Consumo

**Valencia, 2004:** "--- Os cranios máis pequenos coma os dos nenos absorben máis enerxía; é dicir, se atopamos efectos entre os adultos, nos nenos pódense multiplicar". C. Gómez Perreta. Biofísico. Hospital Universitario "La Fe".

**Imaginarium telecom:**

**Mo1** El único móbil adaptado a ellos




**POCOYO**  
Aprende Rindo



## Este curso, sus mejores compañeros están en Vodafone live!

Llega a Vodafone live! TV el canal más divertido y educativo: Pocoyó. Tus niños disfrutarán mientras aprenden en la mejor compañía.

Encuétralo en tu Menú Vodafone live!  
Vodafone live! TV > Pocoyó



**vodafone**

Pocoyo TM & © 2005 Zinkia Entertainment SL

Precio válido para Península y Baleares: Precio por suscripción a Vodafone live! TV 6 € (6,96 € IVA incluido), o por conexión 1 € (1,16 € IVA incluido). No incluye precio por navegación, 0,50 € (0,58 € IVA incluido). Fuera del Menú Vodafone live! 0,50 € (0,58 € IVA incluido) por conexión hasta 512 Kb. El precio de conexión incluye todo el tráfico de datos y acceso a contenidos gratuitos. Más información en [www.vodafone.es/live](http://www.vodafone.es/live) y en el 1444. Información sobre tarifas aplicables en Canarias, Ceuta y Melilla en [www.vodafone.es](http://www.vodafone.es)